

SME/pmd

Expediente: 2022002147

INFORME PROPOSTA

ASUNTO: CONTRATACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA PARA REALIZAR OS TRABALLOS PARA A ELABORACIÓN DA AVALIACIÓN ARQUEOLÓXICA E HISTÓRICO-ARTÍSTICA DO CONVENTO DE SANTA CLARA (PONTEVEDRA).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Ao longo da súa dilatada historia, o Museo de Pontevedra foi incorporando diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades ata acadar os seis inmobles que lle proporcionan a súa configuración actual: Ruínas de San Domingos, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Edificio Castelao. Deles, tanto os dous edificios primixenios como o que acolle ao diferente persoal técnico e espazo de almacenaxe, na rúa Pasantería, presentan importantes disfuncións que limitan o seu correcto funcionamento e que motivou o inicio dunha xeira de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a súa recuperación, modernización e posta en valor, iniciada coa sinatura dun protocolo de colaboración en data 2/01/2021.

Segundo.- Por outra banda, na súa calidade de museo de referencia para a provincia de Pontevedra, o Museo recibe, en depósito provisional, inxentes cantidades de materiais procedentes das diferentes intervencións arqueolóxicas que se realizan na provincia de Pontevedra, feito que implica que a colección arqueolóxica sega incrementándose día a día e que sexa precisa a ampliación da superficie destinada á súa xestión integral e almacenaxe. Neste senso, o edificio Castelao atópase na actualidade completamente desbordado e resulta insuficiente para atender ao incremento da colección. Asemade, carece de áreas funcionais imprescindibles para a correcta xestión da colección arqueolóxica, como mínimo, recepción/ingreso, tratamento dos materiais (espazo de mollado -lavado de pezas-, espazo de seco -siglado de pezas-), estudo (inventariado, fotografado, dixitalizado, debuxo,...) etc.

Terceiro.- Inicialmente, e para paliar esta situación, no protocolo asinado o 2/01/2021, contemplouse a posibilidade de cesión dunha parcela de titularidade do Concello de Pontevedra, en concreto a parcela P20 do polígono de Valdecorvos, destinada a reserva de solo para equipamento público, de 9.509 metros cadrados e doada accesibilidade, para albergar un futuro edificio arqueolóxico.

Cuarto.- Nesta situación dos feitos, xurde un acontecemento de gran relevancia que altera o programa no que estaban a traballar as dúas institucións asinantes, a

adquisición o día 1/12/2021 por parte do Concello de Pontevedra do Recinto Conventual e templo denominado Santa Clara.

Quinto.- Este amplo recinto de máis de 12.000 m², con máis de 2.000 m² edificadas e que forma parte do patrimonio histórico de Pontevedra, está situado en pleno centro da cidade e na proximidade do denominado rueiro cultural da Deputación e a súa rede museística.

A cualificación urbanística da parcela é a de equipamento, plenamente compatible con usos museísticos e, asemade, considérase que gran parte da horta e os eidos non edificadas, que abranguen máis de 10.000 m², son susceptíbeis de seren abertos ao uso público de espazo libre. En definitiva, poderíanse adicar a espazos libres e zonas verdes de uso público, dado que se trata duns usos totalmente compatibles con calquera uso equipamental ao que se destinen as edificacións, tal e como se xustifica no decreto municipal de inicio do procedemento de adquisición do recinto.

Sexto.- Así as cousas, a Deputación amósase interesada en testar as posibilidades de adicar o amplo recinto conventual a albergar a sede dun novo edificio para ampliar a súa rede museística emprazada na súa contorna e contribuír, de xeito sobranceiro, a paliar as necesidades, os déficits e as disfuncións aludidas, referidas aos inmobles actuais, incluídas as de índole arqueolóxica. A estes efectos, asínase un novo Protocolo entre ambas administracións con data 14/12/21.

Sétimo.- A Deputación considera unha oportunidade vizosa a de avaliar a posibilidade de rehabilitación mesmo con parcial reconstrución ou ampliación, de selo caso, do recinto conventual para destinalo a usos museísticos, plenamente compatíbeis non só cos seus valores orixinais, coa protección do patrimonio cultural e co seu uso dotacional, senón tamén co propósito municipal de adicar a horta e os espazos non edificadas do recinto conventual a outros usos públicos de goce pola cidadanía. Esa avaliación axuizaría tamén, e de xeito particular, a posibilidade de adicar parte do recinto á xestión integral da colección arqueolóxica do Museo de Pontevedra.

A viabilidade do pretendido non só faría innecesaria a construción dun novo edificio arqueolóxico no predio citado de Valdecorvos, senón que tamén rebaixaría ou substituiría parte da superficie inicial a habilitar no subsolo do viario intersticial dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López; necesidades compensadas pola superficie de Santa Clara.

Oitavo.- A estes efectos de testar as posibilidades e condicionamentos das obras que se pretendan acometer no recinto, así coma a viabilidade dos usos aos que se poida ou decida destinalo, faise preciso a realización dunhas previas sondaxes arqueolóxicas avaliativas, cos obxectivos de coñecer a fertilidade arqueolóxica de distintos sectores do subsolo da parcela do Convento (tanto na superficie edificada como a que non o está) e determinar as cautelas arqueolóxicas a observar en eventuais futuras obras e mesmo a

posibilidade de acometas, en función dos vestixios que se puideran documentar, o seu estado de conservación e a súa importancia histórica.

Tamén cómpre realizar un previo estudo histórico do Convento de Santa Clara que revise as fontes bibliográficas e documentais, na procura de información histórica sobre a parcela que ocupa o Convento (entendido de xeito conxunto, non só a superficie edificada) e a súa contorna inmediata.

Esta información deberá permitir coñecer a evolución histórica do inmovible, establecer as fases e a cronoloxía construtiva, de xeito que queden identificadas as datas de construción de cada corpo ou elemento dos edificios hoxe en día visibles. Tamén a eventual existencia de construcións que non chegaron ao presente mais que poden permanecer no subsolo, a nivel de alicerces e/ou pavimentos. Neste traballo terá importancia a metodoloxía de estudo de estratigrafía muraria, de xeito que nos alzados das edificacións existentes se poidan identificar fases construtivas e a súa cronoloxía.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS

Descrición do obxecto do contrato:

O obxecto deste contrato é o de determinar e definir as condicións xerais para a elaboración dos traballos de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do convento de Santa Clara (Pontevedra) coa finalidade de recoñecer a súa evolución histórica e arquitectónica e de servir de base ao proxecto de rehabilitación da edificación e recuperación dos espazos exteriores de bosque e horta que se pretende desenvolver.

Os 15.417 m² de superficie que ocupa o complexo conventual supoñen a posibilidade de abordar en extensión o maior estudo desta natureza en Pontevedra ata o momento a partir da integración dun amplo equipo de traballo multidisciplinar que integra coñecementos procedentes de diferentes ámbitos do saber.

Os traballos a executar mediante o presente contrato serán:

- Sondaxes arqueolóxicas avaliativas nunha estratexia que combina sondaxes manuais e mecánicas para avaliar a maior superficie posible.
- Lectura de alzados e paramentos interiores e exteriores dos edificios e da cerca que delimita o solar.
- Estudio histórico-artístico do conxunto do convento.
- Baleirado documental relativo o convento desde á súa fundación en 1271 ata o século XX.

Clasificación xurídica do contrato:

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do

Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).

A teor do establecido no artigo 99.3.b) da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

Constitúen en todo caso motivos válidos de xustificación que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada debido a que trátase dunha única prestación de servizo composta de varias actividades relacionadas entre si, e a súa análise por separado impide o obxecto último do contrato consistente na redacción dos diferentes documentos especificados.

Xustificación da insuficiencia de medios

Xustifícase a necesidade de acudir á contratación externa dos traballos obxecto do presente contrato na esixencia dunha especialización e medios específicos sobre a materia obxecto deste, debido á especificidade e diversidade dos traballos a acometer, así como á dedicación necesaria dos mesmos debido ao seu volume. Este servizo externo levarase a cabo sempre baixo a coordinación e supervisión do persoal técnico do Museo.

Os medios técnicos existentes na Deputación de Pontevedra non se consideran suficientes para afrontar o volume en relación coa especialización que os traballos requiren, precisando o emprego dun equipo técnico multidisciplinar con experiencia no ámbito da avaliación arqueolóxica e histórico-artística de edificios de especial protección patrimonial.

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expedientes (art. 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), así como, os aspectos

relacionados coa “natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirose mediante o contrato obxecto deste expediente”, a idoneidade desta contratación fundaméntase, entre outros, nos seguintes obxectivos:

1. Afondar no coñecemento e investigación deste ben patrimonial
2. Investigar e documentar desde o punto de vista histórico-artístico a evolución do conxunto conventual desde as súas orixes ata a actualidade, e caracterizar as súas fases construtivas.
3. Realizar unha lectura estratigráfica dos paramentos das edificacións coa finalidade de recoñecer os diferentes episodios construtivos-destrutivos desenvolvidos ao longo dos máis de 750 anos de historia do convento.
4. Avaliar a potencialidade arqueolóxica deste ámbito do borde do conxunto histórico de Pontevedra que sufriu poucas transformacións desde a Idade Media ata a actualidade
5. Obter unha lectura clara do subsolo para a redacción e posterior execución do proxecto de rehabilitación do convento.
6. Complementar os traballos de lectura de alzados e estudo histórico-artístico con datos arqueolóxicos.
7. Evitar que as futuras obras de rehabilitación do ben patrimonial causen afeccións sobre posibles estruturas arqueolóxicas que podan existir na área a intervenir.

Prezo e valor do contrato

a) Prezo do contrato

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, aboarase ao contratista en función da prestación realmente executada. No prezo se entenderá incluído o importe a aboar en concepto de IVE, indicándose como partida independente.

Conforme ao disposto no artigo 309 da LCSP, o prezo do contrato poderá estar referido a compoñentes da prestación, unidades de execución ou unidades de tempo, ou fixarse nun tanto alzado cando non sexa posible ou conveniente a súa descomposición, ou resultar da aplicación de honorarios por tarifas ou dunha combinación de varias destas modalidades.

O prezo do contrato fíxase na cantidade máxima de 236.423,30 € mais ou 21% correspondente ao IVE aplicable (49.648,89 €), que fan un total de 286.072,19 € que en todo

caso incluirá por conta da persoa adxudicataria a totalidade de gastos e tributos obrigatorios e demais custos necesarios sinalados no prego para dar cumprimento ao obxecto do contrato.

A estimación realizouse analizando os salarios establecidos no convenio de aplicación, que se consideran importes mínimos, nos que operan as empresas que poden concorrer a esta licitación e o proxecto de referencia. Este convenio é o Convenio colectivo do ámbito autonómico para actividade arqueolóxica 2018-2018 (cod. de convenio nº 82001025011900) actualizado o salario anual ao ano 2021 a través do INE, resultando unha taxa de variación dende xaneiro de 2017 ata xaneiro de 2020 do 3,1%.

Dentro do orzamento se recolle tanto a execución da intervención arqueolóxica, como outras tarefas complementarias necesarias, como o aluguer dun contenedor de obra, se fose necesario, ou as medidas de protección e seguridade específicas para a actuación.

b) Orzamento base de licitación

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe con IVE
236.423,30 €	49.648,89 €	286.072,19 €

Este importe irá con cargo á aplicación orzamentaria 21/333 3330 632 03.

c) Sistema de determinación de prezo.

De acordo co artigo 100.2 da LCSP, o prezo deste contrato foi estimado a tanto alzado sobre a totalidade das prestacións que constitúen o traballo e por referencia aos prezos habituais do mercado para este tipo de servizos. Así mesmo, tivéronse en conta os custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes e outros custos que o contratista ten que realizar para o desenvolvemento dos traballos.

Desagregación de custos empregados para a determinación do prezo:

CUSTOS DIRECTOS (213.002,08 €) <ul style="list-style-type: none"> ▪ Custos salariais (165.202,08 €) <p>Os custos salariais foron calculados a partir do cadro de persoas traballadoras que deben executar o contrato, segundo se especifica no compromiso de medios humanos</p>

mínimos. Tratándose de servizos nos que os custos económicos principais son os laborais, tivéronse en conta as seguintes circunstancias:

- Para as persoas encargadas das tarefas de arqueoloxía e restauración aplícase como referencia os termos económicos para as diferentes categorías profesionais que figuran no II Convenio colectivo do ámbito autonómico para a actividade arqueolóxica 2018-2018 (cod. de convenio nº 82001025011900), atendendo ás diferentes función que van a desenvolver na execución do contrato (axudante de dirección, persoal técnico e auxiliares de arqueoloxía, restauración...). Así, a estimación realizouse analizando os salarios establecidos no convenio de aplicación, que se consideran importes mínimos, nos que operan as empresas que poden concorrer a esta licitación e o proxecto de referencia, actualizado o salario anual ao ano 2021 a través do INE, resultando unha taxa de variación dende xaneiro de 2017 ata xaneiro de 2020 do 3,1%.

Nº	Perfil	Horas/persoa	€/hora	Importe total
1	Axudante de dirección	608	20,31	12.348,48 €
3	Arqueólogo técnico	480	20,31	29.246,40 €
1	Arqueólogo lectura paramentos	320	20,31	6.499,20 €
1	Restaurador	480	20,31	9.748,80 €
1	Antropólogo forense ⁽¹⁾	240	20,31	4.874,40 €
1	Historiador da arte ⁽¹⁾	240	20,31	4.874,40 €
1	Documentalista ⁽¹⁾	240	20,31	4.874,40 €
3	Técnico lectura paramentos	320	19,32	18.547,20 €
8	Auxiliares de arqueoloxía	480	19,32	74.188,80 €

⁽¹⁾ Ao non existir tarifas preestablecidas nin homologadas de xeito oficial por colexio ou agrupación profesional similar, asimílanse a estimación do custo ao arqueólogo axudante de dirección.

▪ **Medios auxiliares e materiais (47.800,00 €)**

Alugueres	10.000,00 €
Material de traballo diverso	5.000,00 €
Fotografía aérea e de campo	1.000,00 €
Topografía e fotogrametría	5.000,00 €
Planos lectura paramentos e diagrama estratigráfico	4.800,00 €
Analíticas	18.000,00 €
Tratamento de materiais	2.000,00 €
Medidas seguridade e saúde	2.000,00 €

CUSTOS INDIRECTOS

- Gastos xerais (5% s/custos directos): 10.650,10 €
- Beneficio industrial (6% s/custos directos): 12.780,12 €

Prazo

Prazo máximo de execución: 6 meses

Prazos parciais: Sí, os que se establecen no apartado 7 do prego de prescricións técnicas.

Traballo de campo: 3 meses

Presentación de programa de traballo: Sí.

Prórroga: Non

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A realización deste contrato atopa o seu acomodo legal, ademais, nos seguintes preceptos:

- Artigo 105 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia que atribúe á Presidencia a competencia para levar a cabo este tipo de contratacións.
- Art. 185 do R.D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Art. 61 do R.D. 2568/86, do 18 de novembro, en relación ás atribucións do Presidente da Deputación Provincial.
- Artigos 12 ao 17, e 308 e seguintes da LCSP e Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Base 16ª do orzamento da Deputación de Pontevedra do ano 2022, referente á competencia de autorización e disposición de gastos.
- Instrucións para a tramitación dos procedementos de contratación, aprobadas por medio da Resolución do Deputado Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior de 10 de febreiro de 2021.
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

PROPOSTA:

Dáse traslado da presente proposta de "Contratación de asistencia técnica para realizar os traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do convento de Santa Clara (Pontevedra)" ao Servizo de Contratación para que se proceda a súa tramitación polo procedemento que se considere máis axeitado, de conformidade coa normativa vixente.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.